



¡Visita a nosa web!

# PARS

## PROGRAMA ACADÉMICO CON PERCORRIDO SUCESIVO

A Escola amplía a súa oferta co Programa Académico con Percorrido Sucesivo (PARS), un itinerario específico que permite cursar de forma parcialmente simultánea o Máster en Enxeñería de Telecomunicación e o Grao en Enxeñería de Tecnoloxías de Telecomunicación. Este programa non constitúe unha nova titulación, senón que facilita a obtención de ambos títulos oficiais vinculados, mantendo a súa independencia e estrutura orixinal.

### Características do PARS:

- ✓ Independencia de titulacións: ambas titulacións conservan as súas materias, mencións e especialidades orixinais.
- ✓ Transición facilitada: simplifica o tránsito do Grao en Enxeñería de Tecnoloxías de Telecomunicación ao Máster en Enxeñería de Telecomunicación.
- ✓ Flexibilidade curricular: permite maior flexibilidade na matrícula e a posibilidade de cursar simultaneamente o Traballo de Fin de Grao (TFG) e o Traballo de Fin de Máster (TFM).

### Requisitos de Matrícula:

- ✓ **Inscripción no máster:** posibilidade de matricularse no máster con ata 30 ECTS pendentes do grao.
- ✓ **Inscripción de traballos:** aínda que o TFG e o TFM deben ser traballos distintos, poden realizarse de maneira integrada, facilitando a continuidade na súa elaboración.

**Se buscas unha transición suave entre o grao e o máster, este é o teu camiño!**